

Concello da Caniza

CAMPAMENTO **Urbano**

Xuño



2026



Os participantes disporán de actividades de carácter sociocultural, recreativo, deportivo e convivencial.

OBXECTO

O obxecto derradeiro deste programa de actividades ten dúas vertentes principais:

1. Facilitar a tan necesaria conciliación.
2. Traballar pola construción efectiva dunha sociedade máis igualitaria na práctica.

Así, as actividades que se desenvolverán durante o mes de xullo de 2026 van máis aló de ser unicamente un programa de lecer, son un programa de educación para a igualdade, tendo esta perspectiva como material transversal de todas as actividades.

TEMPORALIDADE

O campamento está estruturado en dúas quincenas:

1ª Quincena : do 1 ao 15 de xullo de 2026

2ª Quincena : do 16 ao 31 de xullo de 2026

PREZO/ por quincena

- Solicitude individual 55€
- Solicitude dobre 2 nenas-os 97.58 €
- Solicitude tripla 3 nenas-os 110 €

PARTICIPANTES

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas as nenas e nenos nacidas/os no ano sinalado para cada actividade:

Grupo I: de 3 a 5 anos (é condición indispensable que os nenos/as de 3 anos teñan cursado o 1º ano de Educación Infantil (é dicir, 4º de Educación Infantil)).

Grupo II: de 6 a 9 anos

Grupo III: de 10 a 12 anos

Os participantes disporán de actividades de carácter sociocultural, recreativo, deportivo e convivencial.

INSCRICIÓN

As solicitudes e a documentación requirida para participar nesta convocatoria deberán axustarse ao modelo normalizado que se pode recoller na **Biblioteca Pública Municipal da Caniza** e presentarse cuberto na mesma biblioteca, sita en **Rúa Progreso nº 21**.

Horario de luns a venres
de 9.30 a 13 h e 16.00 a 20 h

Información no teléfono: 986.66.30.69

PRAZO PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o **04 ao 17 de xuño de 2026**. Unha vez confirmada a praza os aspirantes seleccionados deberán presentar do 18 ao 25 xuño a seguinte documentación:

- Xustificación de pagamento
- Fotocopia Tarxeta sanitaria

DEVOLUCION DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a actividade non chegara a producirse por causa non imputable ao interesado, procederase á devolución da cota aboada .

HORARIO

De luns a venres

de 8 h (recepción de participantes)

a 15 h (recollida de participantes).

LUGAR

A recepción e recollida de participantes realizarase no Pavillón Municipal da Caniza. Rúa Carballo do Marco s/n.

O transporte ata as instalacións será por conta das nais e pais.

EQUIPAMENTO

- Gorra e roupa cómoda/deportiva e de fácil lavado.
- Equipamento para a piscina: gorro, chanclas, bañador, toalla.
- Botelliña de auga co nome escrito.
- Pequeno almorzo para media mañá.
- Botar na casa crema solar.

PAGAMENTO

O PAGAMENTO EFECTUARASE NA CONTA DO CONCELLO DA CANIZA **do 18 ao 25 xuño:**
na entidade bancaria ABANCA
ES05 2080 5415 0131 1010 0045

poñendo como **concepto**

Campamento urbano 2026
e o NOME da nena/o inscrito.

